



A CIG presentou recurso administrativo contra a convocatoria do concurso xeral de traslados convocado o 15 de xaneiro reclamando que se convoquen as prazas galegas que constan vacantes na última RPT publicada do organismo. En concreto reclamamos a convocatoria de 2 postos de operador/a na JPT da Coruña, 3 da JPT de Pontevedra e 4 na OLT de Vigo, xa que entendemos que son imprescindibles para garantir un correcto desenvolvemento do servizo público que temos encomendado.

Por outra banda presentamos outro recurso ante Función Pública –do que xa informamos tamén á DXT- contra a Resolución pola que se publican os destinos provisionais para o persoal que aprobou o último proceso selectivo para o acceso ao Corpo de Xestión. Na xuntanza de Mesa Xeral do pasado día catro, fóra da orde do día xa que non atenderon a nosa petición dunha reunión extraordinaria para tratar este asunto, informamos desta reclamación á DXT na que solicitamos que se revisen as adxudicacións e se apliquen criterios de igualdade.

Trasladamos o (xustificado) enfado de parte das persoas afectadas con destino no organismo que, pese a solicitar a reclasificación do seu posto, atópanse nalgúns casos, co seu específico diminuído cun código distinto ao do posto que teñen en propiedade. Tamén cuestionamos a adxudicación de niveis 24 sen aplicación de criterios obxectivos tan básicos como o mellor posto no proceso selectivo. Con máis de cen persoas aprobadas neste proceso, non se entende que desde a Subdirección de RRHH non se tivese o sentido común de aplicar uns criterios comúns que garantisen a igualdade na adxudicación de postos, se, como sempre trasladan nas reunións, “o persoal é o seu maior valor”, e que a súa intención é “fidelizar” para evitar que se concurse a outros organismos.

En tanto, da reclasificación de postos da RPT -nomeadamente niveis 18- non hai novidades.

En canto á xuntanza de Acción Social: este ano subirán algo as contías das axudas sanitarias pero non porque haxa un orzamento maior, se non porque o nº estimado de solicitudes o permite (menos persoal?). Solucionouse algún problema técnico do 2024 para a acreditación da tarxeta sanitaria. En tanto que seguimos sen recuperar o orzamento perdido hai unha década que permita mellorar sustancialmente as contías das axudas, desde a CIG seguimos sen asinar o Plan.